MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA PILOTO DE INCLUSIÓN ACADÉMICA DAS PERSOAS PROCEDENTES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES DA XUNTA DE GALICIA (PIAS).

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano da Administración autonómica ó que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de infancia e menores, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución española.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro da disposición transitoria do dito Decreto 42/2024, do 14 de abril, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g5o8sxDpCAr1 https://sede.xunta.gal/cve

Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Con base nestas competencias, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, estima conveniente a sinatura dun convenio específico de colaboración coa Universidade de Vigo para a execución do Programa de inclusión académica do alumnado en vulnerabilidade social "PIAS" que estenderá os seus efectos dende a súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, os gastos das actuacións descritas no presente convenio que realizase a Universidade de Vigo dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

O instrumento convencional ten por obxecto establecer unha cooperación entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Política Social e Igualdade segundo a cal as persoas con idade a partir dos 17 anos que están ou estiveron suxeitas a unha medida de protección de garda ou tutela ditada pola Xunta de Galicia, derivada dunha situación de risco ou desamparo, en situación de vulnerabilidade social e de risco de exclusión académica, poidan acceder ao Programa piloto de inclusión académica dos estudantes en vulnerabilidade social (PIAS), de atención integral e interseccional a través das liñas de actuacións formativa e educativa.

Por tanto, desenvolver un plan socioeducativo que impulse as oportunidades educativas e garanta o dereito á educación superior das persoas destinatarias, poñendo en valor os recursos institucionais e os servizos sociais profesionais mediante un traballo conxunto e en rede.

A Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, e a

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g5o8sxDpCAr1 https://sede.xunta.gal/cve

Universidade de Vigo consideran prioritario activar mecanismos de apoio que faciliten a inclusión académica e o acceso e permanencia na universidade das persoas destinatarias do programa, mediante estratexias de información, orientación académica, acompañamento e seguimento socioeducativo, así como medidas específicas de apoio económico e residencial.

O programa PIAS preséntase como unha ferramenta de cooperación entre o ámbito universitario e os profesionais e entidades que interveñen no sistema de protección á infancia e adolescencia, proporcionando medidas de información, orientación, acompañamento e seguimento socioeducativo destinadas a favorecer a inclusión académica das persoas procedentes do sistema de protección.

Este proxecto promove a coordinación entre a educación formal, non formal e informal para favorecer a continuidade dos itinerarios educativos e a permanencia nos estudos superiores. Así mesmo, pon de relevo a necesidade de que as institucións educativas conten con mecanismos, ferramentas e formación adecuados para apoiar as persoas procedentes do sistema de protección.

Dende esta visión, a Facultade de Educación e Traballo Social, cuxo plan estratéxico promove unha política de responsabilidade social en relación coa atención á diversidade, participa no desenvolvemento do programa piloto.

Este programa oriéntase á educación integral e á garantía do dereito á educación superior. No seu desenvolvemento proporcionaranse ferramentas para a súa difusión e continuidade, co obxectivo de favorecer progresivamente a súa extensión no ámbito da Universidade de Vigo e, posteriormente, ao resto de facultades e escolas do Sistema Universitario de Galicia.

Igualmente, a Consellería de Política Social e Igualdade considera importante

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g5o8sxDpCAr1 https://sede.xunta.gal/cve

potenciar e darlle continuidade a este programa, en colaboración coa Universidade de Vigo, co fin de levar a cabo o seu labor educativo e social en interese das persoas con idade a partir dos 17 anos que están ou estiveron suxeitas a unha medida de protección de garda ou tutela ditada pola Xunta de Galicia, derivada dunha situación de risco ou desamparo. Deste xeito, contribuirase no seu éxito académico universitario e proporcionaráselles un maior nivel formativo que garanta as súas mellores expectativas profesionais.

Ao abeiro da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Xunta de Galicia, para o desenvolvemento das funcións que lle corresponden con respecto a impedir a marxinación, a inadaptación e a desprotección dos menores, ten a posibilidade de colaborar con entidades públicas para a atención destes. Dende esta perspectiva avógase por un traballo de colaboración entre institucións e axentes sociais para crear calidade de vida na comunidade educativa. Con este proxecto apóstase por crear condicións que favorezan a participación plena e a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia na educación superior.

A Universidade de Vigo conta coa estrutura académica e cos medios persoais necesarios para levar a cabo o programa, incluíndo o profesorado responsable do programa de inclusión académica e acompañamento social na Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense e a persoa titular da dirección da Unidade de Diversidade, como referencia funcional e de coordinación institucional.

A súa finalidade é favorecer unha estrutura educativa que contribúa a reducir as desigualdades e a promover a igualdade de oportunidades e a atención á diversidade no ámbito universitario.

En igual medida, promoverá a formación do profesorado docente e investigador (PDI), como posibles representantes do programa PIAS, a través

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g5o8sxDpCAr1 https://sede.xunta.gal/cve

da Área de Formación e Innovación Educativa; organizaranse accións formativas para o persoal técnico, de xestión e de administración de servizos (PTXAS) co obxectivo de achegar as ferramentas de orientación académica e psicopedagóxica, e para o alumnado con necesidades de apoio económico específicas e emocional cuxa orixe é o sistema de protección. Ademais, impulsará, a través das convocatorias de axudas para realizar actividades extra académicas e de difusión cultural, unha formación para toda a comunidade universitaria e público en xeral, co obxectivo de formar as/os profesionais que traballan diariamente coa xuventude en situación de desprotección e conflito social nos aspectos psicolóxicos e educativos.

Así mesmo, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola súa parte promoverá, a través de actividades socioeducativas precedentes, que se favoreza a motivación e o tránsito á vida académica universitaria dende os centros de atención á infancia e á adolescencia, potenciando o traballo en rede entre os axentes sociais do sistema de protección e as/os representantes PIAS dos centros da Universidade de Vigo.

Ademais, facilitará o acompañamento socioeducativo orientado á superación das dificultades propias da vida que inciden na consecución das metas académicas das persoas do sistema de protección, a través dunha figura referente do sistema de protección á infancia e á adolescencia. Contribuirá na formación das persoas que interveñen coa adolescencia con medida administrativa de protección. Tamén promoverá prácticas educativas conxuntas como metodoloxía de comunicación e transferencia bidireccional.

Considérase, polo tanto, que os intereses converxentes de ambas entidades exclúen o ánimo de lucro, pois concorren na orientación de crear sinerxías entre as dúas institucións públicas, os servizos destas e as/os profesionais, e xeran un modelo de relacións de traballo en consenso e innovacións formativas que fomenten unha toma de decisións e de resolucións en

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g5o8sxDpCAr1 https://sede.xunta.gal/cve

colaboración entre todos e todas.

Para o financiamento da execución do programa obxecto deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará á Universidade de Vigo a cantidade de 5.000,00 euros, destinada a cubrir os gastos derivados das actuacións previstas no convenio. O financiamento imputarase á aplicación orzamentaria 08.02.312B.444 (código de proxecto 2016 00174) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Dita achega ampárase no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que establece que se poderán conceder subvencións directas, con carácter excepcional, cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Por todo o exposto, e co fin de cumprir a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no seu artigo 15.2, estímase xustificada a sinatura deste instrumento convencional, atendendo á especificidade do programa piloto, ao colectivo ao que se dirixe e á súa adecuación ás competencias da Consellería de Política Social e Igualdade.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo José Rey Sastre

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 06/10/2026 10:43:01

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: g5o8sxDpCAr1 https://sede.xunta.gal/cve